

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 28 de xuño de 2017, aprobou **DESISTENCIA DA CONTRATACION DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA CABINA ASEO AUTOLIMPABLE PARA INSTALAR NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO NA CIDADE DE LUGO APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 14/764. APROBACIÓN DE NOVO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PREGO TÉCNICO ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DUN NOVO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. (EXP. REF. 43-2016).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) **Número de expediente:** 43/2016

2.- Obxecto do contrato.

a) **Tipo de contrato:** subministración

b) **Descrición:** a subministración dun aseo público autolimpable para situar no parque de Rosalía de Castro.

c) **División por lotes:** Non

d) **Lugar de execución/entrega:** Concello de Lugo, parque Rosalía de Castro

e) **Prazo de duración/ Prazo de execución:** O prazo máximo de entrega será de CORENTA E CINCO (45) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte a aquel en que se requira formalmente para a subministración concreta polos servizos técnicos municipais de parques e xardíns, en función das necesidades e da precisa coordinación coa execución da obra civil por parte do Concello.

Este requirimento realizarase no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato de subministración que é o máximo previsto para a execución da obra civil por parte do Concello

f) **Admisión de prórroga:** Non

g) **Establecemento de acordo marco:** Non

h) **CPV:** 39100000-3 Mobiliario.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedemento:** aberto

c) **Criterios de adxudicación:** Ver **cláusula décimo segunda** dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 33.057,85 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

33.057,85 € máis o 21% IVE – 6.942,15 € - resultando un total de 40.000 euros (IVE incluído).

6.- Garantías:

a) **Provisional:** NON procede

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Solvencia:** A sinalada na **cláusula sexta** do prego de cláusulas administrativas

b) **Clasificación:** Non

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) **Data límite de presentación:** 15 días contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Modalidade de presentación:** formato papel.

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) **Admisión de variantes:** Non

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións ás 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 83,72 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo sexta e décimo oitava configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 06 de xullo de 2017.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2105

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 30 de xuño de 2017, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xuño de 2017 polo importe total de 2.012,72 €.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, a 4 de xullo de 2017 - O Alcalde - Presidente, Gumersindo A. Rodríguez Liz

Signature Not Verified

Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO

Data: 18.07.2017 08:00:00 CEST

Razón:

Localización: España

R. 2106